



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Estancias Clínicas IV | Código | 750G01028 | |
| Titulación | Grao en Enfermería | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 12 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | nuria.varela.feal@udc.es | |
| Profesorado | Nieto Caamaño, Úrsula Pesado Cartelle, Jose Angel Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | ursula.nieto@udc.es j.pesado@udc.es nuria.varela.feal@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | <p>Estancias IV é un compendio de aprendizaxes prácticas executadas en escenarios de coidados reais na comunidade. Están dirixidas a que o alumno interiorice os coñecementos que acadou ao longo das asignaturas enfermería comunitaria I e II, exercite e modele as destrezas acadadas con anterioridade e desenvolva novas competencias que permitan a súa óptima integración nun equipo multidisciplinar de saúde con unha prestación de coidados salutoxénicos no marco de unha atención primaria orientada á comunidade.</p> | | | |
| Plan de continxencia | <p>NO CASO DO PECHE DAS ACTIVIDADES PRESENCIAIS:</p> <ol style="list-style-type: none"> Modificacións nos contidos: Non se realizará ningunha modificación. Metodoloxías: <ul style="list-style-type: none"> *Metodoloxías docentes que se manteñen: Todas *Metodoloxías docentes que se modifican: AS PRÁCTICAS CLÍNICAS E A SIMULACIÓN NO PODEN SER MODIFICADAS POR NINGUA OUTRA ACTIVIDADE Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Para a comunicación e seguimento do alumnado utilizaranse as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación Modificacións na avaliación: Os estudantes que teñan acadada o 100% da práctica clínica poderan ser avaliados según os criterios establecidos na presente guía. Aqueles estudantes que non acaden o 75% da práctica clínica terán que realizar as súas prácticas unha vez se reanude a actividade asistencial e según o permitan as institucións sanitarias, hasta alcanzar o mínimo do 75 % da rotación. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha. <p>SITUACIÓNS ESPECIAIS:</p> <ol style="list-style-type: none"> No caso de que un estudante estea en situación de confinamento se postpondrán as prácticas e as avaliacións ata a súa posible incorporación. No caso de non poder acudir á proba de simulación, por estar en situación de confinamento, esta deberá realizarse de forma presencial nunha nova data acordada entre o alumnado afectado e o profesorado. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |



| | |
|-----|---|
| A62 | Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros. |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C10 | CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C12 | CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|---------------------------|-------------------------------------|
|---------------------------|-------------------------------------|



| | | | |
|---|-----|---|---|
| <p>Os resultados de aprendizaxe que é razoable esperar despois de cursar estancias IV son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Competencias de traballo en equipo, facilitando que o alumnado sexa capaz de incorporarse a un equipo dende o que prestar coidados autónomos e en colaboración con outros, sen perder a perspectiva multidisciplinar - Competencias de comunicación e relación cos profesionais da saúde e coas persoas a quen dirixe os coidados; facendo da relación unha oportunidade para optimizar os coidados e crear relacións terapéuticas eficientes. - Competencias relativas ao manexo da saúde nas diferentes etapas do ciclo vital e nos problemas de saúde prevalentes, familiarizando ao alumnado cos principais problemas de saúde da poboación e o seu manexo dende a perspectiva dos coidados, pero especialmente facendo de él un axente de saúde da comunidade e un facilitador de coidados salutoxénicos ao longo de todo o ciclo de vida das persoas e familias da comunidade. - Competencias relativas ao manexo eficiente do proceso enfermeiro, permitindo ao alumnado que optimice co rigor e a sistematización que brinda o método de traballo dos enfermeiros, dende modelos de coidados salutoxénicos e á vez promovendo a súa capacidade de adaptarse a calquera equipo que traballe dende outra perspectiva. - Competencias relativas ao desempeño eficaz de técnicas e procedementos habituais que se realizan en atención primaria de saúde, sexa autónomamente ou en colaboración con outros membros do equipo, a fin de garantir un desempeño eficaz, seguro e responsable. - Competencias relativas á ética profesional, garantindo que o alumnado integre unha praxe respetuosa e responsable, coherente cos valores da comunidade e da profesión, que lle permitirán ser capaz de realizar un exercicio eficiente de abogacía pola saúde nos termos descritos pola organización mundial da saúde. | A62 | B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 | C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 |
|---|-----|---|---|

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| <p>Prestación de coidados directos a persoas e familias da comunidade, tanto dende o centro de saúde coma nos seus fogares, e baixo a supervisión e titorización dun enfermeiro, enfermeira comunitaria que traballa nun centro de saúde do Servicio Galego de Saúde.</p> | <p>En este rotatorio de práctica clínica o alumnado traballará:</p> <ul style="list-style-type: none"> - habilidades de relación e comunicación coas persoas da comunidade. - actitudes persoais que optimicen a relación terapéutica. - habilidades técnicas e procedimentais que aumenten a pericia na prestación de coidados. - manexo e xestión de recursos da comunidade para facilitar os coidados ás familias en diferentes escenarios sociais e sanitarios. - realización e rexistro do proceso de atención de enfermaría individual e familiar. - implementación de recomendacións derivadas da investigación na atención a crónicos. - utilización das ferramentas de xestión da información propias do sistema nacional de saúde. - características dunha conducta exemplar nun profesional de servizo no marco da ética e do ordeamento vixente. |



| | |
|--|---|
| <p>O alumnado deberá reproducir unha situación habitual que se presenta na práctica clínica cotiá, a través dun escenario controlado útil para a aprendizaxe e adestramento.</p> | <p>A través dos escenarios o alumnado traballará:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Na adquisición sistemática de coñecementos. - Intégrase durante a simulación a experiencia educativa realizada no período de práctica clínica dentro do sistema de saúde. - Debriefing, é a discusión facilitada do escenario, inclúe as reflexións sobre a experiencia vivida no escenario e as súas recomendacións posteriores por parte dos participantes, observadores do escenario e o propio instrutor (mediador). É un tempo para comentar aquilo que saíu ben e non tamén, guiado polo mediador. - A simulación é gravada en audio e vídeo, e é proxectado posteriormente ao alumnado que desenvolveron o caso para discutilo e analízalo en profundidade (debriefing). - Paralelamente perfecciónanse as habilidades de comunicación e de traballo en equipo. - Consólidase e avalía o nivel de aprendizaxe alcanzada no período de práctica clínica. |
|--|---|

| Planificación | | | | |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Prácticas clínicas | A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12 | 240 | 15 | 255 |
| Aprendizaxe servizo | A62 B1 B3 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B22 C3 C4 C7 C10 C11 C12 | 2 | 10 | 12 |
| Simulación | A62 B1 B6 B7 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B20 C1 C4 C10 C11 C12 | 8 | 20 | 28 |
| Atención personalizada | | 5 | 0 | 5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas clínicas | <p>As prácticas clínicas que se realizan en estancias IV constitúen unha oportunidade idónea de aprendizaxe e integración do traballo e das actitudes propias do/a enfermeiro/a comunitaria, toda vez que se producen no escenario real de coidado en que éste desenvolve a súa praxe e no marco dunha equipa multidisciplinar.</p> <p>En elas o alumnado acompaña a un/unha enfermeiro/a comunitaria do que aprende primeiro por observación, reflexión e modelado da súa conducta e progresivamente pola asunción de responsabilidades na prestación de coidados directos ás persoas que os precisan, baixo a supervisión do/da enfermeiro/a ao que acompaña.</p> |
| Aprendizaxe servizo | Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo. |



| | |
|-------------------|--|
| <p>Simulación</p> | <p>A simulación é unha metodoloxía de aprendizaxe que permite ao alumnado realizar de maneira segura e controlada, unha práctica similar á que a executaría fronte ao paciente; facilítalle interactuar nunha contorna semellante á realidade cunha variada gama de elementos que debe aplicar a fin de resolver situacións predeterminadas que derivan dun determinado problema clínico.</p> <p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levara a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> |
|-------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|--|
| <p>Simulación</p> <p>Aprendizaxe servizo</p> <p>Prácticas clínicas</p> | <p>- Prácticas clínicas:</p> <p>atención personalizada dirixida a crear un espazo confiable no que o alumno poida expresar as súas dificultades ou preocupacións ao longo das prácticas clínicas e recibir orientación que lle permita acadar as competencias propostas co maior grao de satisfacción e desempeño.</p> <p>Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>-Simulación:</p> <p>Atención personalizada que permita ao alumnado consultar dúbidas específicas e particulares que puidesen xurdir previas ao desenvolvemento del escenario e durante el proceso de simulación. Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>-Aprendizaxe servizo:</p> <p>Atención personalizada que permita ao alumnado consultar dúbidas específicas e particulares que puidesen xurdir na implementación do proxecto. Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
|--------------|---------------------------|------------|---------------|



| | | | |
|--------------------|---|---|----|
| Simulación | A62 B1 B6 B7 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B20 C1 C4 C10 C11 C12 | <p>O alumnado será evaluado polo profesorado da materia na realización do escenario establecido para a proba de simulación.</p> <p>O alumnado levará a cabo una simulación elexida polo profesorado de entre varias alternativas, que conecerá previamente.</p> <p>Avaliaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Capacidade de expresión e comunicación co paciente, compañeiros e resto do persoal que aparezcan no escenario.- Valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación co paciente en todo o proceso da simulación.- Coñecemento profesional na toma de decisións que requiran o escenario.- Habilidades prácticas de coidados, técnicas e intervencións de enfermería.- A capacidade de resposta do alumnado, de iniciativa, de organización e planificación que requira o escenario. | 20 |
| Prácticas clínicas | A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12 | Cumpridos os criterios de asistencia presencial, o alumnado será avaliado polo profesorado da asignatura a fin de determinar o grao en que acadou as competencias previstas, o que fará despois de recabar información do enfermeiro, enfermeira que titoriza ao alumnado. | 80 |

Observacións avaliación



AVALIACIÓN DE ESTANCIAS IV:

O primeiro requisito para poder ser avaliado pola realización das estancias IV é, ademais de estar matriculado na materia o alumnado deberá ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao.

AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS CLÍNICAS: - Asistencia: As competencias que se pretenden alcanzar coa realización das prácticas clínicas só se poden adquirir en presenza e baixo supervisión dun enfermeiro, enfermeira comunitaria, por esta razón a avaliación queda supeditada á asistencia presencial a todas as horas prácticas planificadas, sen contemplarse o concepto de faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente xustificadas deberán recuperarse, sempre que non excedan o 50% das planificadas. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesorado antes do peche de actas. As ausencias non xustificadas suporán a cualificación de suspenso. - Competencias de aprendizaxe: A avaliación e a emisión dunha cualificación numérica pola realización das prácticas clínicas está directamente vinculada á capacidade de alumno para alcanzar as competencias sinaladas como resultados de aprendizaxe esperados nesta guía. A cualificación será emitida polo profesorado da materia -despois de solicitar información do enfermeiro, enfermeira tutor/a- mediante unha folla de valoración onde se sinalan os criterios cos que se alcanzan cada unha desas competencias ou resultados de aprendizaxe. O alumnado para superar as prácticas clínicas deberá ter realizado o 100% das prácticas, faltas de asistencia recuperadas e xustificadas e avaliación positiva dos profesionais con unha nota igual o superior a 5 (sobre 10). A práctica clínica corresponde o 80% da nota da materia. **AVALIACIÓN DA SIMULACIÓN:** É unha actividade obrigatoria para todo o alumnado matriculado na materia. A puntuación máxima que será posible alcanzar coa realización da simulación é de 2 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 1 punto para superar esta parte da materia. Non poderá realizar a proba de simulación o alumnado que non supere as prácticas clínicas. A simulación corresponde o 20% da nota da materia. **CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES NA AVALIACIÓN DE ESTANCIAS IV:-** O feito de presentarse no centro de saúde para a realización das prácticas clínicas -ben polo tempo completo planificado ou só parte do mesmo- implicará ser avaliado en calquera das probas, o que supón figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

- Para superar a materia o alumnado necesita alcanzar as notas mínimas sinaladas para cada parte da materia.

- O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións: 0-4.9 Suspenso. 5-6.9 Aprobado. 7-8.9 Notable. 9-10 Sobresáinche. 9-10 Matrícula de Honra (graciable).

AVALIACIÓN EN SEGUNDA OPORTUNIDADE:

No caso de ter SUSPENSAS as prácticas clínicas NON SON RECUPERABLES, está suxeito ao punto 5 do artigo 18 das NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DÁS CUALIFICACIÓNS DÚAS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO. Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017 que sinala:

"Nas materias que pola súa natureza avalíense exclusivamente mediante actividades non recuperables, como pode ser o caso das prácticas en empresas, o prácticum ou as prácticas clínicas, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais». Neste caso poderase recuperar a parte de Simulación.

- Aqueles que non superasen a parte de simulación, a realización da simulación en segunda oportunidade realizarase na data e hora establecida de exames no calendario académico aprobado en Xunta de Centro.

- A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas, no caso de ser suspenso a parte de Simulación.



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Martínez Riera JM, Del Pino Casado (2013). Manual Práctico De Enfermería Comunitaria. Barcelona: Elsevier - Formación Alcalá (2017). Enfermería Familiar y Comunitaria. Jaen: Formación Alcalá - Clavijo Chamorro MZ (2011). Educación sanitaria enfermera . Junta de Andalucía, Consejería de Cultura - Martín Zurro A (2008). Atención Primaria. Conceptos, organización y práctica clínica. Barcelona: Elsevier - Martín Zurro A, Cano Pérez J F (2014). Atención Primaria. Principios, organización y métodos en medicina de familia.. Barcelona: Elsevier - Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmovilizado no domicilio.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ (2005). Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E, editoras (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NOC). Medición de resultados en salud. 5ª ed.. Madrid: Elsevier - Bulechek GM, Butcher HK, Dochterman JM, Wagner CM, editores. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NIC). 6ª ed. . Madrid: Elsevier - Herdman, TH (2015). NANDA International. Diagnósticos Enfermeros. Definiciones y Clasificación. 2015-2017.. Barcelona: Elsevier - (). http://www.fisterra.com/. - (). https://www.sergas.es/. - (). https://www.agefec.org/web/. <p>A bibliografía recomendada básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomenda ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Nutrición/750G01009
 Farmacoloxía/750G01011
 Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012
 Enfermaría Comunitaria I/750G01014
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
 Enfermaría Comunitaria II/750G01019
 Farmacoterapia/750G01024
 Estancias Clínicas I/750G01025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

